

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER**

En Santiago de Compostela, a 11 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Don Martiño Noriega Sánchez, en calidade de Alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, con domicilio, a estes efectos no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela e C.I.F. 1507900-G.

Doutra, Don Miguel Fernández Cid, Director Xerente da Fundación Gonzalo Torrente Ballester (FGTB no sucesivo), en representación desta.

MANIFESTAN

Primeiro

Que as dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

Que a FGTB constitúese con carácter cultural, privado, permanente e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica de seu e plena capacidade de obrar e con consideración de Fundación de Interese Galego, cuxas fins estatutarias son:

- a) Promover o estudo da obra de Gonzalo Torrente Ballester e conservar o seu legado cultural.
- b) Promocionar a investigación e o estudo da figura e da obra de Gonzalo Torrente Ballester.
- c) Contribuir á localización e á recuperación de toda a produción do autor, tanto a de carácter profesional e público como a de carácter privado ou persoal.
- d) Reunir o seu patrimonio bibliográfico e documental (manuscritos, cartas, fotografías, etc). En definitiva, os bens que constituen o seu arquivo persoal co fin de garantir a súa permanencia no tempo e no espazo.
- e) Contribuir e participar do desenvolvemento humano, cultural e científico de Santiago de Compostela e Galicia en particular e de España en xeral.
- f) Contribuir ao estudo do desenvolvemento cultural, político e social do tempo histórico que viviu Gonzalo Torrente Ballester.



Que dende o ano da constitución da fundación o 21 de xullo de 1999, e por acordo do Pleno do Exmo. Concello de Santiago de Compostela, está integrado na FGTB como patrono institucional.

Segundo

O Concello de Santiago vén promocionando e colaborando dende os seus inicios no patrocinio das actividades e exposicións programadas pola FGTB.

O Concello de Santiago valora a importante actividade cultural que ven desenvolvendo a FGTB na cidade de Santiago e polo mesmo ven mantendo nos últimos exercicios orzamentarios unha contribución nominativa como axuda para o co-financiamento das actividades levadas a cabo pola FGTB.

Que é vontade do Concello a continuidade da colaboración municipal nun marco de actuación anual, é por isto e que se acorda establecer un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira: O obxecto deste convenio é a colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester para a realización das actividades de carácter cultural que figuran no Anexo 1.

Segunda: A Concellaría de Cultura colabora economicamente no desenvolvemento desta actividade coa cantidade de **15.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 040/33400/48900 do orzamento xeral do Concello de Santiago. Na cantidade obxecto do convenio entenderáse comprendido o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) e calquera outro tipo de imposto ou gasto.

A cantidade aportada polo Concello de Santiago de Compostela serálle abonada á FGTB no número de conta que ela desgine e comunique.

Terceira: O pago realizarase previa xustificación do valor da totalidade das actividades previstas no anexo I, presentando facturas oficiais e recibos que correspondan, que deberán conter todos os datos do perceptor, así como a correspondente retención do IRPF.

Como documentos acreditativos dos pagos realizados só se aceptarán transferencias bancarias, certificacións de pago emitidas por entidades bancarias (extratos ou asentos de movemento individualizados). Os pagos en efectivo só serán admitidos para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagos baixo outra modalidade, como subministrados en restaurantes, gasolineras, supermercados, etc, non podendo superar en ningún caso a contía de 600 €. Acreditarase o pagamento mediante factura ou recibín asinado polo acreedor indicando a data de abono debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

A xustificación tamén conterá o seguinte:

- Documentación acreditativa de que a actividade se realizou segundo o previsto.
- Declaración asinada pola Secretaria da entidade co visto e praxe da Presidenta na que se faga constar as contías das axudas asignadas ou recibidas de outras administracións públicas, ou ente público ou privado, para o mesmo fin.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, que acredite que a entidade está ao corrente nos pagamentos que lle correspondan.
- Certificación da Delegación de Facenda do Estado que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- Certificación do Concello de Santiago que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias municipais.
- Impreso selado pola entidade bancaria correspondente que acredite a titularidade da conta na que se deba facer o pagamento.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e praxe do presidente de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- Documento que acredite a realización do pagamento.
- Tarxeta de Identificación Fiscal



A xustificación das contías poderán realizarse de xeito parcial até acadar o máximo da contía do total do gasto da actividade e sen superar o total do importe da subvención. Empregarase para a xustificación o modelo do Anexo 2.

Cuarta: O Concello de Santiago figurará na publicidade e difusión das actividades subvencionadas como “colaborador” das mesmas.

Quinta.- Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago de Compostela o control da súa execución e a vixilancia do cumprimento do seu contido. Para o non previsto neste convenio estarase ao establecido na Normativa Reguladora das Subvencións Nominativas do Concello de Santiago de Compostela, na lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa de dereito administrativo, así como normas de dereito privado de carácter supletorio que lle sexan de aplicación. As dúbidas que se presenten na interpretación, execución e solución de controversias, no caso de haber discrepancias, deberán ser resoltas por unha comisión mixta integrada por representantes das dúas institucións, designados ao efecto.

Sexta.- O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia.

Septima.- Toda a comunicación, oral ou escrita, que se derive deste convenio, dirixida a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, atención directa, etc., así como o obxecto mesmo da contratación, realizaranse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, especialmente no seu artigo 8.

Oitava.- A data límite de xustificación do convenio será o 15 de novembro de 2016.

Novena.- Este convenio rexerá durante o ano 2016, até o 31 de decembro, e poderá ser prorrogado para o ano seguinte por acordo expreso das partes cos mesmos obxectivos e por unha cuantía económica non inferior, supeditado á existencia de consignación orzamentaria.



En proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado no lugar e data de encabezamento.

Polo Concello de Santiago

Pola Fundación Gonzalo Torrente
Ballester

Martiño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela

Miguel Fernández Cid
Director Xerente da FGTB

ANEXO 1: ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER 2016

A axuda que solicita a Fundación Gonzalo Torrente Ballester do Concello de Santiago de Compostela vai encamiñada a mellorar aspectos relativos á calidade dos espazos que percorre o público durante as visitas guiadas, así como aqueles nos que se realizan as actividades pedagóxicas e educativas. Inclúense tamén as actividades (non a organización) en torno as exposicións GTB e o teatro, GTB e o xornalismo e Diego Lara en coleccións galegas; a atención ás visitas guiadas á Fundación Gonzalo Torrente Ballester e ás súas exposicións; e a organización e realización de talleres, conferencias e presentacións de libros durante 2016.

1.- Exposicións: GTB e o xornalismo

Dende a Fundación Gonzalo Torrente Ballester iníciase un ciclo de pequenas exposicións, especialmente bibliográficas e documentais, sobre aspectos importantes na vida e obra de Gonzalo Torrente Ballester , que permitan realizar unha revisión dos mesmos e preparar actividades complementarias, como conferencias e talleres.

Como arranque, elíxese a relación de Gonzalo Torrente Ballester co teatro. Tras o teatro, unha segunda exposición (GTB e o xornalismo) centrarase nas colaboracións do escritor con xornais: desde as súas esperadas e temidas crónicas e críticas literarias ata as colaboracións que lle deron recoñecemento, como as que publicaba en Informaciones, ABC ou Faro de Vigo, algunhas recompiladas en volumes como Memoria dun inconformista, Cadernos da Romana, Novos cadernos da Romana, Torre do Aire e Cotufas no golfo.

2.- Organización e realización de talleres, conferencias e presentacións de libros durante 2016.

Con motivo das exposicións editaranse folletos e organizaranse talleres de escritura, conferencias, mesas redondas e un taller de deseño gráfico.

Como en anos anteriores, ao longo de 2016, na Fundación Gonzalo Torrente Ballester preséntanse revistas e publicacións.

3.- Visitas guiadas á Fundación Gonzalo Torrente Ballester e ás súas exposicións.

Durante 2016, prográmanse visitas guiadas á Fundación Gonzalo Torrente Ballester e ás exposicións programadas (Ignacio Basallo, GTB e o teatro, GTB e o xornalismo, Diego Lara en coleccións galegas).

3. Orzamento detallado da actividade

1.- Exposicións: GTB e o xornalismo.

Montaxe da mostra GTB e xornalismo (inclúe vinilos,

pintura, lonas exteriores, cartelas, etc)	(2.800 + ive)	3.388 €
---	---------------	---------

Folletos da exposición	(400+ive)	484 €
------------------------	-----------	-------

Traducións de textos dos folletos e da exposición	(400+ive)	484 €
---	-----------	-------

2.- Organización e realización de talleres, conferencias e presentacións de libros durante 2016.

Conferencias e talleres	(2.400+ive)	2.904 €
-------------------------	-------------	---------

Presentacións de libros	(850+ive)	1.028,5 €
-------------------------	-----------	-----------

3.- Visitas guiadas á Fundación Gonzalo

Torrente Ballester e ás súas exposicións.	(5.600+ive)	6.776 €
---	-------------	---------

TOTAL		15.064,50 €
--------------	--	--------------------

ANEXO 2: MODELO PARA A XUSTIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

D. _____ como representante legal de :

Entidade beneficiaria CIB/NIF

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa: Convocatoria: Datas de realización: Importe da actividade: Importe da subvención concedida:

2º.- Que os gastos xenerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

Nº	CONCEPTO	IMPORTE	FECHA PAGO
IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=			

Que se adxuntan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estos gastos, así como a xustificación do seu pago.

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	

